

AVANCE MARZO

SÁBADO 29

Sala principal do Auditorio
[18:00] [INFANTIL]

► Kyoki

O espectáculo trata a temática da memoria, da vellez, da demencia, da soidade e da dura e esixente tarefa de coidar as persoas maiores e enfermas. Kyoki, que significa 'demencia' en xaponés, retrata un deses días catastróficos, mais é tamén unha homenaxe a todas as persoas maiores que asisten cada día ao proceso implacable do declive das súas capacidades vitais.

Clasificación: Xestual. Duración: 45 min. | Público: + de 3 anos.
Compañía: Elefante Elegante.

Venda de entradas: anticipada en Ataquilla.com e, de non esgotarse, na billeteira do Auditorio a partir das 16:00 h.

Entrada adultos: 5 €; Menores de 13 anos: 3 € e bonificada para persoas desempregadas (tarxeta de emprego), maiores de 65 anos (DNI) e titulares de Carné Xove: 3 €. Os beneficiarios deberán acreditar a súa condición no control de acceso.



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS

SALÓN GARCÍA
1884

CICLO DE CONCERTOS MATUTINOS
Achégate ao Salón!

QUIQUE GONZÁLEZ & TONI BRUNET
16 FEBREIRO '25
12:30H

TULSA
23 MARZO '25
12:30H

ESCUCHANDO ELEFANTES
6 ABRIL '25
12:30H

VENDA ABONOS CICLO COMPLETO: 30 XANEIRO - 10 FEBREIRO
PREZO ABONOS: ADULTOS: 25€ - MENORES 16 ANOS E DESEMPREGADOS: 15€*

VENDA ENTRADAS INDIVIDUAIS: A PARTIR DO 11 DE FEBREIRO
PREZO ENTRADAS: ADULTOS: 12€ - MENORES 16 ANOS E DESEMPREGADOS: 6€*

Venda anticipada en ataquilla.com**
O mesmo día, no Salón García, a partir das 10.30 h ***

* Para acceder, deberán presentar a tarxeta de desempregado máis o DNI o día da actuación (ben no control de acceso no caso de venda anticipada, ben na taquilla no caso de compra na sala o mesmo día).
** A compra anticipada de entradas sumará gastos de xestión ao prezo inicial.
*** Se se esgotan as entradas en venda anticipada, non haberá venda en taquilla.

FEBREIRO 2025

Sempre Rosalía HOMENAXE A ROSALÍA DE CASTRO

Cada 23 de febreiro conmemórase o Día de Rosalía de Castro coincidindo coa data do seu nacemento, e o Concello de Vilagarcía quere unirse a esta homenaxe levando esta peza teatral para todos os públicos en torno á súa figura e obra á rede de centros socioculturais da cidade.

A actriz Ana Ponte, caracterizada como Rosalía, e o actor Diego Freire, interpretando un dos seus biógrafos, inician un diálogo aderezado con poemas da autora máis universal das nosas letras e doutros poetas relevantes. A obra presenta unha Rosalía alén dos estereotipos e reduccionismos que sempre a caracterizaron e foxe da imaxe falseada e edulcorada imposta durante anos, todo impregnado con doses de humor.

Compañía: Producións Dispersas.

Duración: 20 min.

VENRES 21

- 17:00 ◆ Centro Cultural de Bamio
- 18:00 ◆ Centro Cultural O Gato Negro de Carril
- 19:00 ◆ Centro Cultural Trabanca Sardiñeira
- 20:00 ◆ Centro Cultural de Guillán

SÁBADO 22

- 12:30 ◆ Biblioteca municipal Rosalía de Castro
- 17:00 ◆ Centro Cultural de Faxilde
- 18:00 ◆ Centro Sociocultural e Deportivo de Vilaxoán
- 19:00 ◆ Centro Cultural de Sobradelo
- 20:00 ◆ Centro Cultural de Trabanca Badiña

DOMINGO 23

- 12:00 ◆ Centro Cultural de Solobeira
- 13:00 ◆ Centro Cultural de Rubiáns
- 17:00 ◆ Centro cultural Os Borrizos de Cornazo
- 18:00 ◆ Centro Cultural A Laxe
- 19:00 ◆ Centro Cultural Grupo San Roque
- 20:00 ◆ Centro Cultural Breogán do Piñeiriño



PROGRAMACIÓN
CULTURAL

Concello Vilagarcía de Arousa vilagarcia viva



PROGRAMACIÓN CULTURAL FEBREIRO

VENRES 7

Salón García [20:30] [CINE]

► Casa en chamas

PROYECCIONS CINE CLUB ÁDEGA

Montse está a piques de pasar unha fin de semana con toda a familia na súa casa de Cadaqués. Divorciada dende hai anos, o seu ex ten unha nova parella, os seus fillos medraron e hai tempo que fan a súa vida, pero a Montse nada conseguirá amolala porque hai demasiado tempo que espera este momento. Esta fin de semana será si ou si ideal, aínda que para iso teña que queimalo todo.

Ano: 2024 | Xénero: Comedia dramática
Director: Dani de la Orden
Duración: 105 min.

Venda de entradas: No Salón García a partir das 19:30 h o día da proxección.

Prezos: Socios anuais, de balde; non socios: 4 €.
Reducida: Persoas desempregadas / Carné Xove: 2,5 €.

SÁBADO 8

Sala principal do Auditorio [20:30] [MÚSICA]

► Fantasías de ópera e Piazzolla

QUINTETO DE VENTOS DO GRAN TEATRO DO LICEU
PROGRAMACIÓN SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VILAGARCÍA

Os solistas do Teatro Liceu de Barcelona ofrecerán un variado concerto con algunhas das aberturas e páxinas orquestrais máis brillantes do repertorio operístico. E, para rematar, a vibrante música de Piazzolla.

Venda de entradas: O día da actuación no Auditorio a partir das 19:30 h.

Prezos: Socios da SFV, de balde; público xeral, 18 €.

VENRES 14

Sala principal do Auditorio [20:30] [TEATRO/MÚSICA]

► Un médico na aldea

A peza conta as peripecias vitais dun médico rural e amosa un xeito de entender a medicina que proclama a necesidade de loitar contra a superstición e a desconfianza do paciente nos medicamentos e proclamando a escoita como mellor remedio contra a enfermidade.

Intérpretes: Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada e Agrupación Tequexetédere.

Entrada de balde ata completar capacidade.

SÁBADO 15

Sala principal do Auditorio [DÚAS FUNCIONS: 17:00 e 20:30] [BALLET]

► O lago dos cisnes

BALLET DE KÍIV, BAILANDO DENDE O CORAZÓN

No ano 2017 o bailarín solista do Teatro da Ópera de Kíiv, Viktor Ishchuk, crea unha compañía coas maiores estrelas de Ucraína para amosar ao mundo o talento dos seus artistas, entre os que hai solistas do Teatro da Ópera e Ballet de Kíiv, con quen percorre os mellores escenarios de Suíza, Alemaña, Francia, España ou Polonia.

Duración: 57 min + descanso + 53 min | Compañía: Goldberg Ediciones.

Venda de entradas: Anticipada, en Ataquilla.com e, de non esgotarse, na billeteira do Auditorio o propio día a partir das 18:30 h.

Prezo: 25 €* (+ gastos de xestión).

*Por cada entrada vendida, doarase 1€ a UNICEF para apoiar o seu traballo na emerxencia de Ucraína.

VENRES 21

Salón García [20:30] [CINE]

► Khers Nist (no bears)

PROYECCIONS CINE CLUB ÁDEGA

Dúas historias de amor paralelas nas que os desexos das parellas se ven frustrados por obstáculos, supersticións e a mecánica do poder.

Ano: 2022 | Xénero: Drama | Director: Jafar Panahi
Duración: 107 min.

Venda de entradas: No Salón García a partir das 19:30 h o propio día.
Prezos: Socios anuais, de balde. Non socios, 2,5 € (Prog. Filmoteca).

SÁBADO 22

Sala principal do Auditorio [20:00] [TEATRO]

► Reconversión

Unha viaxe dende a posguerra ata o “felipismo” dos 80, pasando polo auxe da industria siderúrxica e a evolución dende un estilo de vida rural a unha sociedade capitalista.
Clasificación: Contemporáneo. Duración: 100 min. Público: Adulto. Compañía: Ibuprofeno Teatro.

Venda de entradas: anticipada en Ataquilla.com e, de non esgotarse, na billeteira do Auditorio a partir das 18:00 h.

Entrada xeral: 5 €. Entrada bonificada para persoas desempregadas (tarxeta de emprego), maiores de 65 anos (DNI) e titulares de Carné Xove: 3 € (+ gastos de xestión). Os beneficiarios deberán acreditar a súa condición no control de acceso.

EXPOSICIÓNS

DO 7 DE FEBREIRO AO 16 DE MARZO

Sala de exposicións Rivas Briones

► Manazas

JOSÉ LUIS VÁZQUEZ MEIJIDE “MEI”

DO 15 AO 28 DE FEBREIRO

Sala de exposicións do Auditorio

► Soños atemporais

JOSÉ PAZOS